

PROXECTO A NIVEL DE CENTRO “O NOSO ANIVERSARIO”. CEE A BARCIA.

1. INTRODUCCIÓN.

➤ CONTEXTUALIZACIÓN:

El CEE A Barcia é un centro público que escolariza nenos e nenas en idades comprendidas entre os 3 e 21 anos (45 alumnos/as no curso 2018/19). Todo o noso alumnado presenta Necesidades Educativas Especiais, sendo as súas características e capacidades moi diversas entre si.

➤ XUSTIFICACIÓN:

Durante os cursos 16/17 e 17/18 realizamos no centro un Plan de Formación Permanente do Profesorado onde, entre outros aspectos, analizamos a posibilidade de utilizar no proceso de ensino-aprendizaxe do noso alumnado metodoloxías activas en combinación coas metodoloxías máis dirixidas que son fundamentais na súa educación. Unha das conclusións de dito PFPP foi a consideración do ABP como a que máis se podía adaptar ao noso alumnado (coas correspondentes adaptacións) e que sería a Biblioteca Escolar a que reunía as mellores condicións para poñelo en marcha (xa que é un recurso usado por todo o centro).

➤ ASPECTOS CURRICULARES:

A Concreción Curricular do CEE A Barcia é unha adaptación do Currículo de Educación Infantil froito dun seminario realizado no curso 2015/16. Tamén como resultado deste seminario está o noso modelo de programación que se basea nos indicadores de aprendizaxe (todo o alumnado do centro ten unha programación individualizada en función das súas necesidades, características e capacidades).

Tendo en conta todo isto, establecemos os seguintes OBXECTIVOS XERAIS do proxecto:

- Potenciar no alumnado os procesos cognitivos básicos (atención, percepción, memoria e resolución de problemas).
- Estimular a percepción sensorial.
- Iniciar ao alumnado no proceso de investigación.
- Mellorar o seu autoconhecimento.

- Inicialse no traballo colaborativo.

A través deste proxecto contribuímos ás programacións do noso alumnado nos seguintes aspectos (a nosa programación parte dos indicadores de aprendizaxe):

CRITERIO DE AVALIACIÓN	INDICADORES DE APRENDIZAXE
Utilizar a lingua oral/SAAC do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	<p>Manifesta interese por comunicarse con outras persoas.</p> <p>Mantén unha actitude de escoita e respecto cara ás demais persoas.</p> <p>Recorda feitos e situacións vividas na súa contorna.</p>
Comprender mensaxes orais diversas (con e sen apoios), amosando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	<p>Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.</p> <p>Comprende instrucións sinxelas.</p>
Utilizar a Biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo e de entretemento.	<p>Respecta e coida a Biblioteca da Aula.</p> <p>Fai uso da Biblioteca valorándoa como espazo no que se divertirte.</p>
Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais	<p>Participa en actividades expresivas.</p> <p>É consciente/ descobre/ as posibilidades expresivas do seu propio corpo.</p> <p>Gusta de explorar sensorialmente os elementos presentes no contorno.</p> <p>Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e con diferentes soportes.</p> <p>Traballa con interese con calquera tipo de material.</p> <p>Participa no proceso de elaboración dunha obra.</p> <p>Participa cando se fan actividades musicais.</p>

	Acórdase das cancións e fragmentos de música traballados.
Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.	<p>Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.</p> <p>Participa no uso das TIC no desenvolvemento de proxectos na aula.</p> <p>Utiliza, na medida das súas posibilidades, as ferramentas tecnolóxicas.</p>
Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións, segundo distintos criterios.	<p>Realiza exploracións e experimentacións cos materiais que se lle ofrecen.</p> <p>Vivencia o entorno a través dos sentidos.</p>
Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.	<p>Interésanlle os números e o seu emprego na vida cotiá.</p> <p>Asocia algúns números coas cantidades seguindo un modelo.</p>
Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.	<p>Asocia días con actividades relevantes</p> <p>Iníciase na relación/ pode relacionar de feitos concretos cunha determinada época do ano.</p>
Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e noutros seres vivos.	<p>Realiza observacións dos cambios que se producen nos seres vivos.</p> <p>Identifica características e cambios nos procesos de crecemento e etapas de desenvolvemento das persoas e</p>

	outros seres vivos.
Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno e algunhas características da súa organización	<p>Recorda a través de imaxes e sons / Conta cousas da súas experiencias familiares.</p> <p>Adapta o seu comportamento ás regras dos diferentes contextos.</p> <p>Maniféstase integrador/a: comparte material, cede ante os conflitos, colabora co resto do grupo...</p> <p>Maniféstase colaborador/a, coidadoso/a e sensible nas relacións que establece.</p>
Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.	<p>Vivencia/Mostra interese polas celebracións ou eventos da escola, familia ou localidade.</p> <p>Recoñece algúns obxectos relacionados coas celebracións.</p>
Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.	<p>Manifesta o seu agrado ou desagrado ante diferentes situacións</p> <p>É capaz de mostrar preferencias.</p>
Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.	Ten iniciativa e intenta executala.
Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas	<p>Acepta e amosa afecto</p> <p>Recoñece e acepta mostras de afecto das persoas adultas e de nenas e nenos.</p>
Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en	<p>Participa nas actividades e tarefas.</p> <p>Respecta aos compañeiros e compañeiras e persoas</p>

tarefas e aceptar as normas.	adultas. Séntese a gusto e está adaptado/a ao ritmo da aula. É capaz de concentrarse un tempo na mesma actividade. Esfórzase na realización das tarefas Remata as tarefas e actividades que empeza.
------------------------------	---

CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)	Contribuímos ao progreso do alumnado nesta competencia a través da verbalización dos diferentes contidos traballados, usando unha estruturación da linguaxe acorde as súas capacidades e ao contexto onde se desenvolveu o proceso comunicativo; expresando verbalmente as súas emocións e estados anímicos. Demos prioridade ao uso pragmático da linguaxe e ás habilidades sociais. Favoreceremos o seu progreso na linguaxe escrita e o gusto pola lectura como fonte de aprendizaxe e de uso do tempo libre.
COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)	Contribuímosao progreso do alumnado nesta competencia a través de tarefas que fomenten a experimentación e vivenciación dos contidos de aprendizaxe e poñendo a súa disposición estratexias e recursos que lle puidesen servir para resolver problemas da vida diaria no centro e na súa contorna. Potenciamos a xeneralización das aprendizaxes da aula cara a contorna e que o alumnado sexa consciente dos progresos que vai realizando.
COMPETENCIA DIXITAL (CD)	Facilitamos o acceso, o máis autónomo posible, aos recursos tecnolóxicos da aula e centro, como fonte de aprendizaxe e de utilización no tempo libre.
COMPETENCIA EN APRENDER A	Buscamos poñer a disposición do alumnado recursos e estratexias que favorezan que eles/elas mesmos/mesmasvaian creando as súas propias

<p>APRENDER (CAA)</p>	<p>aprendizaxes, establecendo relacións con outras que xa tiñan adquiridas e axudándoos/as a comprender a funcionalidade do traballado; favorecendo a xeneralización das aprendizaxes a novos contextos.</p>
<p>COMPETENCIAS SOCIAS E CÍVICAS (CSC)</p>	<p>Demos prioridade a esta competencia ao considerar o aspecto social fundamental para o desenvolvemento do noso alumnado. Traballamos as habilidades sociais e as emocións de maneira explícita, favorecendo as interaccións entre compañeiros/as e demais persoal do centro. Tamén consideramos fundamental que o alumno desenvolva un autoconcepto e autoestima adecuada.</p>
<p>COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)</p>	<p>Contribuímos ao progreso do alumnado nesta competencia potenciando a autonomía nas diferentes actividades da vida diaria e escolares, prestando a axuda necesaria, iniciando ao alumno na toma de decisión e na realización das súas propias eleccións en función das súas preferencias; e fomentando o traballo en equipo como unha forma de aprendizaxe e axuda aos demais.</p>
<p>COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)</p>	<p>O alumnado progresou nesta competencia a través das diferentes actividades plásticas, visuais e audiovisuais que se planificaron, favorecendo a súa creatividade e orixinalidade.</p>

➤ CALENDARIO PARA AS TAREFAS PREVISTAS

Este proxecto planificouse para levar á práctica no 2º e 3º trimestre do curso 2018/19. Iniciouse no mes de xaneiro e finalizou no mes de xuño.

➤ PARTICIPANTES E ORGANIZACIÓN

Na posta en práctica e desenrolo deste proxecto participou o 100% do profesorado e do alumnado do centro (nalgunhas actividades tamén todo o persoal non laboral).

No 1º trimestre o Equipo de Biblioteca do centro (composto por 8 dos 18 membros do Claustro e que conta con representación de mestres/as dos 3 niveis de organización do centro) planificou as liñas xerais do Proxecto, que foi presentado á CCP (no noso centro todo o profesorado formamos parte deste órgano) e decidiuse a súa posta en práctica.

O proxecto iniciouse cunha carta de LEO (a mascota da nosa Biblioteca) que foi enviada a cada unha das aulas. A partir deste momento a coordinación do proxecto realizouse da seguinte maneira:

- Os representantes do Equipo de Biblioteca en cada un dos niveis, foron os responsables da organización das actividades e de coordinar as aulas correspondentes.
- Na reunión mensual do Equipo de Biblioteca analizouse o traballo realizado nos niveis.

2. **TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN**

A temática elixida foi “O NOSO ANIVERSARIO”.

Neste curso escolar 2018-19 o noso centro estivo de Aniversario, os 25 anos do CEE A BARCIA.

Eliximos este tema xa que todo o noso alumnado en maior ou menor medida identifica o seu Aniversario como un día especial para eles/elas e reconece moitos dos elementos relacionados co mesmo. Polo que o noso punto de partida será a súa realidade e vivencias.

3. **DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA**

1º PASO:

Unha vez elixida a temática tivemos que establecer cal sería o produto final que realizaría o alumnado en función das súas capacidades:

1º NIVEL	Mural das estación coa foto do alumnado e persoal do centro que celebra o seu Aniversario nesa estación (cada aula elixirá unha estación do ano).
----------	---

2º NIVEL	Tarxeta de Felicitación para o centro (conxunta entre as aulas do nivel).
3º NIVEL	Elaboración de 2 Tortas de Aniversario (unha feita con material funxible e outra para comer).

2º PASO:

Elaboración da carta de LEO presentando ás aulas o Proxecto.

3º PASO:

A partir deste momento os niveis organizáronse de maneira interna para realizar as tarefas, coordinados polos representantes do Equipo de Biblioteca correspondente (os coñecementos previos foron establecidos nos niveis/aulas polo profesorado do mesmo, e a partir de aí definíronse os aspectos nos que centrarían para a realización do produto final)

4º PASO:

O Xoves 20 de xuño realización dunha exposición dos produtos finais.

Ademais a nivel de todo o centro realizouse un LIPDUP (Coordinado por un membro do Equipo de Biblioteca):

- Para a elaboración do Lipdub realizáronse 6 reunións (3 dentro do Equipo de Biblioteca e 3 con todo o Claustro), ademais realizáronse reunións informais co persoal non docente (persoal administración, subalterno, médico, enfermería, educador, coidador, cociña, limpeza e de vixilancia).
- 3 ensaios xerais antes de realizar a gravación.
- Creación orixinal da Letra da canción e adaptación da banda sonora da película “Campeones”.
- 2 mestras do Equipo de Biblioteca e o mestre de EM acudiron á Aula NOVA do CAFI para realizar a gravación da canción e a montaxe do vídeo

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

- Carta de LEO presentando o proxecto.
- Realización das fotos de todo o alumnado e persoal do centro.
- Guía do Lipdub (onde se establecía a distribución das persoas e as tarefas a realizar).
- Letra da canción do Lipdub.

5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.

1º NIVEL	<p>Alumnado que necesita unha axuda total nas actividades da súa vida diaria.</p> <ul style="list-style-type: none">• Elaboración mural usando diferentes técnicas e cores (necesario adaptacións dos utensilios e axudas técnicas).• Celebración nas aulas dos Aniversarios do alumnado.• Actividades sensoriais onde experimentaron e vivenciaron as diferentes estacións do ano.• Colocación das fotos de todo o alumnado e persoal do centro no cartel correspondente.
2º NIVEL	<p>Alumnado que necesita un nivel de axuda elevado e que presentan alteracións conductuais.</p> <ul style="list-style-type: none">• Elaboración dunha tarxeta de felicitación para o centro.• Celebración nas aulas dos Aniversarios do alumnado.
3º NIVEL	<p>Alumnado que necesita un nivel de axuda variable, dende unha supervisión ata unha guía continua durante a realización das tarefas.</p> <ul style="list-style-type: none">• Celebración nas aulas dos Aniversarios do alumnado.• Gráfica de clasificación das súas idades.• Torta de aniversario con material funxible.• Torta de Aniversario: A torta da avoa.• Receita da torta.

	<ul style="list-style-type: none"> • Mural “25 anos de...”
LIPDUB	Todo o alumnado tivo un papel activo na realización do Lipdub.

6. RECURSOS UTILIZADOS E PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.

As nosas fontes de información foron:

- Materiais elaborados polo profesorado nas aulas.
- As actividades diarias do centro e o día a día do alumnado.
- Contos o máis realistas posibles (o noso alumnado está acostumado a traballar con contos, e é unha actividade a priori motivante para eles, polo que non podemos deixar de usar un recurso así).
- Internet (vídeos, cancións, presentacións, xogos, busca de información...).

Os recursos que utilizamos para a súa posta en práctica foron:

- Axudas técnicas para a comunicación e para o acceso aos aparellos de traballo.
- Material tecnolóxico do centro e aulas (ordenador, proxector, tablet, impresora, cámaras...).
- Material funxible.
- Material e utensilios de pintura.
- Material de repostería.

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Todo o alumnado e persoal do centro participou neste proxecto.

As familias do noso alumnado participaron de maneira indirecta a través da información solicitada e aportada dende os niveis e Equipo de Biblioteca (o noso alumnado pertence a diferentes Concellos e Provincias).

8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

Moitas das actividades realizadas e o Lipdub foron publicadas no Blog do centro “[O RECUNCHO DOS SOÑOS](#)” e no Blog que o 3º nivel ten dentro do Programa Prensa-Escola “[CADA DÍA É ESPECIAL](#)” e no Xornal Trimestral “La Voz de La Barcia”.

9. AVALIACIÓN:

Este proxecto naceu dunha avaliación inicial a partir da cal establecéronse os obxectivos indicados anteriormente. Ao longo do desenvolvemento do mesmo realizouse unha avaliación continua (onde se analizou o progreso do alumnado e as necesidades/dificultades analizadas e en función da mesma introducíronse os cambios necesarios) e rematou cunha avaliación final realiza a finais de xuño.

Dentro da programación individualizada de cada alumno/a avaliáronse os indicadores de avaliación en función de 3 ítems (INICIACIÓN – EN PROGRESO – ACADADO).

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

No noso centro, o principal instrumento de avaliación é a observación continua do alumnado na realización das tarefas e o análise dos produtos realizados.

A finais de curso realizouse unha reunión final do Equipo de Biblioteca onde avaliamos este Proxecto, como conclusións finais desta avaliación establecéronse as seguintes conclusións:

- O proxecto foi moi ben recibido tanto polo alumnado como polo profesorado e demais persoal do centro e familias.
- O alumnado estivo implicado (cada un dentro das súas posibilidades) na realización das diferentes actividades, amosando agrado e satisfacción polo traballo realizado.
- Como resultado da avaliación continua, introducíronse cambios en canto ás axudas (técnicas e humanas) que precisaba o alumnado para poder acceder aos contidos de aprendizaxe.
- Foi moi satisfactorio o traballo colaborativo realizado nas aulas e entre o profesorado dos niveis (coordinados polo representante do nivel do Equipo de Biblioteca).

- Consideramos que é moi importante para a dinámica do centro dar continuidade no curso 2019/20 ao traballo por Proxectos a nivel de centro.

10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

O Equipo de Biblioteca tivo a tarefa de coordinación e dinamización do Proxecto “O NOSO ANIVERSARIO”, ditas funcións concretáronse en:

- Reunións do Equipo de Biblioteca onde se deseñou, realizouse un seguimento e avaliou o Proxecto.
- Coordinación das actividades de cada nivel a través dos seus representantes (nas reunións de niveis o Proxecto estivo presente).
- Dinamización das actividades a nivel de centro, niveis e aula.
- Proposta, deseño, organización e gravación do Lipdub.

“PROXECTO O NOSO ANIVERSARIO”. MATERIAL GRÁFICO

CARTA DE LEO AO ALUMNADO (Inicio do Proxecto)

Ola nenos e nenas da Barcia!!!

Dirixome a vos para comunicarvos unha moi boa noticia: este mes de Xaneiro fai xusto 25 anos da creación da nosa escola. Isto quere dicir que o centro atópase de ANIVERSARIO!!!

Festexemos todos xuntos este evento realizando, entre todos, actividades e experiencias divertidas. Nelas traballaremos o tema “ O Aniversario”, relacionándoo cos nosos aniversarios e outros aspectos como son a festa e tarxeta de felicitación.

Como é un tema moi amplo, imos repartir o traballo entre todas as aulas, organizándoo por niveis e quedando así:

1º NIVEL: Cada aula elaborará un mural dunha estación do ano e colocaremos nel as fotos de todo o alumnado e profesionais do centro en función de cando celebran o seu aniversario.

2º NIVEL: Confección dunha bonita tarxeta de felicitación, que lle regalaremos ao centro.

3º NIVEL: Elaboración de dúas tartas de aniversario (unha para expoñer e outra para comer).

Espero que acollades con entusiasmo este evento e que participedes nas actividades coa ilusión coa que vola conto.



VÍDEO E FOTOS REALIZADAS POLO 1º NIVEL ELABORANDO OS CARTEIS

No 2019
estamos de
celebración

<http://ceeabarcia.blogspot.com/2019/04/parabens-para-ti-o-noso-cole-cumpre-25.html>




CELEBRACIÓN DE ANIVERSARIOS NAS AULAS (1º NIVEL)



POSTAL DE FELICITACIÓN ELABORADA POLO 2º NIVEL



INICIO DO PROXECTO NO 3º NIVEL



<http://blogs.prensaescuela.es/ceeabarciaa5/2019/01/18/o-aniversario/>

LA VOZ DE LA BARCIA

La Voz de la Barcia

Nº 5:

<http://blogs.prensaescuela.es/ceeabarciaa5/2019/04/16/la-voz-de-la-barcia-no-5/>


Nº 6:

<http://blogs.prensaescuela.es/ceeabarciaa5/2019/06/21/la-voz-de-la-barcia-3/>

GRÁFICA DOS ANOS DO ALUMNADO DO 3º NIVEL:


<http://blogs.prensaescuela.es/ceeabarciaa5/2019/02/25/grafica-de-anos-o-aniversario/>

AS NOSAS IDADES. 3º NIVEL



<http://blogs.prensaescuela.es/ceeabarciaa5/2019/03/13/os-nosos-aniversarios/>

MURAL "25 ANOS DE...". 3º NIVEL



<http://blogs.prensaescuela.es/ceeabarciaa5/2019/06/07/25-anos-de/>

A TORTA DA BARCIA (Receta e elaboración da Torta da avoa)



<http://blogs.prensaescuela.es/ceeabarciaa5/2019/06/19/a-torta-da-avoa/>

PRESENTACIÓN E EXPOSICIÓN DOS PRODUCTOS FINAIS POLOS NIVEIS



<https://ceeabarcia.blogspot.com/2019/07/proxecto-o-noso-aniversario.html>

GRAVACIÓN NA AULA NOVA DO CAFI



<http://ceeabarcia.blogspot.com/2019/06/agradecementos-aula-nova-do-cafi.html>

TODOS PARA UN E UN PARA TODOS (Publicación no blog o día que realizamos a gravación final do Lipdub)

<http://ceeabarcia.blogspot.com/2019/05/todos-para-un-e-un-para-todos.html>

LIPDUB (Enlace ao blog onde está colgado o Lipdub)



<http://ceeabarcia.blogspot.com/2019/06/feliz-aniversario-lipdub-cee-barcia.html>